

## **XEOGRAFÍA E HISTORIA – PENDENTES 3º ESO**

**Curso 2024/25**

### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN E DE RECUPERACIÓN**

O artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021 establece o Plan de reforzo para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que pase de curso con materias sen superar. Nel indícase que o alumnado deberá seguir un plan de reforzo en cada unha das materias non superadas, destinado á súa recuperación e á súa superación.

Segundo o indicado, o alumnado coa materia pendente será convocado ao inicio do curso para explicarlle o plan de recuperación. Este consistirá na elaboración dun traballo trimestral onde se traballan as competencias básicas pertinentes. Ademais disto vai ter que realizar unha proba escrita trimestral sobre as preguntas que se lle proporcionarán na plataforma EDixgal.

O alumno/a será guiado regularmente polo/a profesor/a, o que permitirá facer un seguimento do seu traballo e aclarar as dúbidas que se lle presenten.

En virtude de todo isto a cualificación suporá:

- 50% da nota acadada no exame escrito sobre as preguntas que se lle entregaron e que previamente tivo que preparar.
- 50% da nota acadada polo traballo realizado cuxa cualificación está determinada polas rúbricas específicas, resultando a media de todas elas.

Polo tanto a nota é o resultado de:

- Nota trimestral da materia pendente=  $(\text{Nota Ex.} + \text{Nota Traballo}) / 2$ .

No caso de que o/a alumno/a non aprobase o exame realizaríase, cando se indicase, unha recuperación consistente nunha proba escrita en base ás preguntas preparadas e puntuada nunha escala de 1 a 10 non tendo que presentar o traballo se este xa foi entregado e valorado positivamente, en caso contrario, si debe corrixilo e axuntalo de novo.

En virtude do anterior, en cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que proceda. Para a nota final de curso sería o resultado de:

- Nota final de curso:  $(\text{Nota 1ª Av.} + \text{Nota 2ª Av.} + \text{Nota 3ª Av.}) / 3$ .